

DON CARLOS E O MISTERIO DOS LUCECÚS

Patricia Torrado Queiruga



BAÍA EDICIÓN S



A Duarte, por tanto amor.

A Manu, Carlos e Xose, por vós, a vida.

*A Xosé Carlos Mosteiro Fraga,
sempre na lembranza.*

Carlos e a memoria

Nun lugar non moi afastado da vila, entre a vexetación que cobre as corredoiras, pode adiviñarse a súa casa. As hedras gabean agarimosas polas paredes, pero aínda non chegaron a colonizar a fiestra tras a que traballa cada tarde.

O sitio non pode ser máis perfecto para vivir, pois, aínda estando na serra, recibe o cheiro do mar de Arousa. Preto de todo, pero “lonxe do rebumbio malicioso que agonía a fantasía”; ou así nolo dicía el cando nos daba clases.

—E dis que vive aí? —pregunta Román.

—Claro, dígoche que vive aí dende sempre. Ves? —sinala Afonso—. Pono ben claro, Vila Lurdes. A casa leva o nome da súa dona.

—E que lle imos dicir? Que soubemos da súa enfermidade e que, por algunha estraña razón, viñemos velo, logo de dous anos sen darnos clase?

—Como lle imos dicir iso? Non as pensas, eh! Dirémoslle que viñemos traerlle unhas cousiñas que fixemos para el, porque o botamos moito de menos.

—E con iso, Afonso, pensas que non se decatará de que lle estamos mentindo?

—Claro que se vai decatar, os parvos e os cativos somos nós, non el. Está enfermo, pero parvo seguro que non se volveu... Porén, coido que o magoaremos menos.

—Vamos, logo!

E como por ensalmo, sen case respirar, estabamos xa na porta de entrada da súa modesta casa.

Onte pola mañá, despois de chegarmos do colexio, papá dixo, mentres poñía o xantar sobre a mesa, que soubera na praza de abastos que ao mestre se lle enredara o sentido nas pólas das maceiras. Nun primeiro intre non souben moi ben que era iso de «enredarse o sentido», pero papá explicoume que estaba a perder a memoria e que, ás veces, don Carlos non lembraba cousas da súa vida.

Deume tanta pena! Non fixen outra cousa que pensar en todas as horas de clase ao seu

carón. Nos debuxos que nos facía para que logo os pintásemos nós. Debuxaba tan ben que todas as súas alumnas e todos os seus alumnos lle pediamos que nos fixese algo, aínda que o levásemos para a casa para colorear. As fabas e os amorodos medrando en improvisadas macetas de iogur ou manteiga ao carón das xanelas... e tantas outras cousas. Non se lembrará de nada? Porque mira que sabía cada anécdota de mexar coa risa.

Non puiden facer outra cousa que ir avisar as miñas compañeiras e os meus compañeiros para virmos velo, e hoxe plantámonos aquí. Fixémoslle tantos doces, que deus non queira que sexa diabético, se non matámolo de vez.

—E logo, Sofía non vén?

—Ía ir Maca por ela, que xa sabes que se non a chamamos igual nos gafa para un mes.

—A ela o que lle vai moito son os contos de espías, os misterios sen resolver...

—Dá gusto! —inquiriu Sofía dende as costas de Afonso e Román—. Incluso cando non estou me tedes presente.

—Chegastes!, xa pensabamos que non iades vir.

—Home, non uso as pernas, pero con esta cadeira último modelo, e con Maca de guiadora, malo sería que non chegase.

—Tirádelle do aire! Como as gasta a inspectora Rodeira.

Ese é o nome que lle temos a Sofía dende cativos, ou dende máis cativos que agora, cando ela comezou coa súa enfermidade dexenerativa, a que a deixou ancorada a esa cadeira de grandes rodas. E como a ela lle gusta moito o de desentrañar misterios..., que mellor apelativo?

—Facer facíanos boa falta ou unha inspectora ou un inspector de verdade –dixo Sofi, interrompendo os seus pensamentos–. Ou ides dicirme que todo o que acontece na vila ultimamente é normal?

—Muller, algo raro é, pero igual é unha inocentada ou alguén que non ten máis que facer.

